

fiot
CARBALLO

do 9 ao
18 de
outubro



fiot en pa||sa

Rober
Voluntario FIOT
desde 2016



AC Telón e Aparte



A PRÓXIMA EDICIÓN DO FIOT SERÁ NO ANO 2021

Neste recuncho do mapa estamos acostumados ás noites de treboada e a bravura do mar. Durante este ano tan duro continuamos a traballar para celebrar as artes escénicas e a cultura, que nos axudan a superar as situacións difíciles e que tamén precisan do noso apoio cando o entorno as azouta con fereza. Asumímolos como un novo reto e reformulamos o proxecto a cada paso.

A incerteza e as dificultades de financiamento fan inviable o proxecto que preparamos. Para camiñar cara ao futuro, agora

// DURANTE ESTE ANO TAN DURO CONTINUAMOS A TRABALLAR PARA CELEBRAR AS ARTES ESCÉNICAS E A CULTURA, QUE NOS AXUDAN A SUPERAR AS SITUACIÓNS DIFÍCILES

tócanos frear. O compromiso do FIOT co público, coas compañías, co teatro... mantense intacto, pero agora debemos presentar un plan B.

// GOZAREMOS COAS MELLORES PROPOSTAS DO TEATRO GALEGO. RESERVAMOS UN OCO PARA EXPLORAR DRAMATURXIAS QUE EMPREGAN NOVAS CANLES QUE FUSIONAN O PRESENCIAL E O VIRTUAL

Gozaremos coas mellores propostas do teatro galego. Reservamos un oco para explorar dramaturxias que empregan novas canles que fusionan o presencial e o virtual a través dun uso innovador da cultura dixital e a tecnoloxía. A actividade creadora do festival investiga tamén nesta dirección, co primeiro paso dun proxecto que chamaremos FIOT Fónico, unha experiencia teatral singular na que conflúen a arte urbana de Carballo e a ficción sonora.

Haberá teatro en Carballo. Con todas as garantías. A cultura é unha actividade segura e o espectáculo debe continuar.

**fiot en
pa||sa**

Moitas grazas aos que mantedes o voso interese e apoio neste tempo de incertidume. Sodes a forza que nos mantén en pé. Ao igual que as ondas do mar queren bater na nosa costa, nós tamén queremos bater, de novo, as nosas palmas ao final da función.

Invitámosvos a descubrir a nosa proposta para este outono.

// HABERÁ TEATRO EN CARBALLO. CON TODAS AS GARANTÍAS. A CULTURA É UNHA ACTIVIDADE SEGURA E O ESPECTÁCULO DEBE CONTINUAR



b Programa

Sandra
Voluntaria FIOT
desde 2018

FIOT E LIDISS (Galicia)

A lúa, válvula de spray

ENTRADA: 3€ | DURACIÓN: 60 MIN APROX.
RECOMENDADO A PARTIR DE 13 ANOS
DISPONIBLES NOUTRAS XORNADAS QUE
SE FARÁN PÚBLICAS | RÚA LUIS BRAILLE,
EXTERIOR EDIFICIO FORUM

Cando a lúa é unha válvula de spray, a noite pode debuxar as escenas máis inesperadas. As accións da madrugada succédense entón na stop motion dos murais urbanos e nada ten volta atrás. Nese carrusel se vense envoltos Sara, María e Leo mentres celebran un rito durante o San Xoán.

O FIOT implícase na experimentación escénica cunha iniciativa propia, realizada en coprodución co LIDISS (*Laboratorio de Investigación en Innovación Social e Cultural Sostible*), que conxuga as artes escénicas co espazo urbano de Carballo, e que explora novos formatos e as posibilidades de ferramentas tecnolóxicas innovadoras.

Trátase dunha obra de ficción sonora na que a escenografía é unha selección da arte urbana coa que disfrutamos en Carballo. O espectador participa nun espectáculo itinerante no que oito murais son os escenarios dunha obra realizada nun formato en auxe como o podcast, unha publicación dixital en audio que escoitamos a través dunha aplicación que instalamos directamente no teléfono móbil. A nosa contorna como desencadeante dunha ficción teatral.

A dramaturxia vén da man da poetisa carballesa Rosalía Fernández Rial, que xa é un dos grandes valores da poesía galega contemporánea, e estará dirixido polo renomeado Quico Cadaval, director cómplice do FIOT noutras aventuras.

Unha experiencia teatral singular creada para a nosa cidade, coa que iniciamos un novo proxecto, o FIOT Fónico.

MURAIS E AUTORES: CONXURO CONTRA O AMOR, DE MILU CORRECH. O LIXO DE UN HOMEN É O TESOURO DO OUTRO, DE BORDALO II. VERGOÑA, DE SEKONE. MORRIÑA, DE HYURO. SEN TITULO, DE SATR. FRONTE AO OCÉANO, DE MILO. TRIBU URBANA, JORIT. O SILENCIO NO MEDIO DA TORMENTA, DE ISAAC MAHOW

FIOT Fónico



ESTREA

PRODUCCIÓN
FIOT

Intérpretes: Melania Cruz, Santi Romay, María Roja

Voces: Marcos PTT e Rosalía Fernández
Técnico de estudio e montaxe: Iván Mera

Deseño formato e coordinación: Alejandro Pan

Espazo sonoro: Marcos PTT Carballido

Autora: Rosalía Fernández Rial

Dirección: Quico Cadaval



Formato non convencional

NOTA: Concretaranse novas sesións a través da web e RRSS.

V09 OUT _ 19.00 E 20.00 H

EMMA SANTOS

(Galicia)

Live

ENTRADA: GRATUÍTA ATA COMPLETAR A CAPACIDADE DO RECINTO | DURACIÓN: 15 MIN | RECOMENDADO A PARTIR DE 15 ANOS | PAZO DA CULTURA

Elle preme no Instagram. Recolle o pelo. Sentada fronte ao espello do tocador da habitación. Véselle algunha cana e decide empregar luz indirecta, así nótanselle menos as engurras.

Preme en Directo. Para toda Galicia, para todo o mundo, en rigoroso directo dende a intimidade do seu perfil de instagram, Emma Santos fala da morte do seu único fillo.

Perfomance en directo. No directo do escenario e no directo da rede social Instagram. Poderemos interaccionar co directo actriz, que veremos nos dispositivos.



Formato non convencional

“E DÉBOVOS, POR CORTESÍA, POR NECESIDADE INCLUSO, UNHA EXPLICACIÓN...”
10 LIKES. 5 LOVES.

Quen somos cando nos amosamos só a través dun perfil de Instagram?

A performance é a proposta artística máis persoal da creadora detrás de Emma Santos. Nela, e nas accións escénicas efémeras, busca a conexión directa co espectador e explora a intimidade, un concepto moi alterado na actualidade pola invasión das redes sociais e que a “nova normalidade” redimensiona. Neste formato experimenta tamén coa introdución da cultura dixital na escena.

Colabora: Anna R. Figueiredo e Editorial Galaxia.

ESTREA



emma_santos_oficial



1,596 Me gusta



EMMA SANTOS
LIVE

S10 OUT_ 18.00, 19.00 E 20.00 H

CHÉVERE (GALICIA)

Curva España

ENTRADA: 6 € | DURACIÓN: 90 MIN
RECOMENDADO A PARTIR DE 13 AÑOS

A historia da curva na que se matou España. Un crime sen resolver, unha morte violenta que provoca sospeitas e interrogantes sobre os seus autores, motivacións e consecuencias.

Partindo dunha historia real local transmitida de xeración en xeración, e da existencia de distintas versións sobre o caso, Chévere ironiza sobre o formato documental mesturando teatro e cine en directo, baseándose no xénero policial e realizando unha alegoría sobre a vertebración do estado español como a promesa dun tren que nunca chegou.

Despois de varios anos traballando sobre o teatro

documento e a memoria colectiva, unha das compañías referentes do teatro galego e Premio Nacional de Teatro, afonda nos mecanismos narrativos que xorden na fronteira entre a realidade e a ficción, entre a historia e a lenda, entre a pantalla e o escenario.

// POR QUE A MENTIRA É TAN EFICAZ PARA ENCONTRAR EXPLICACIÓNS SIMPLES A PROBLEMAS COMPLEXOS?" (CHÉVERE)

Intérpretes: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Lucía Estévez, Leticia T. Blanco
Deseño de iluminación: Fidel Vázquez
Espazo audiovisual: Lucía Estévez, Leticia T. Blanco e Laura Iturralde
Espazo sonoro: Xacobe Martínez
Textos: Xron, Manuel Cortés, Miguel de Lira e Patricia de Lorenzo
Dirección e dramaturxia: Xron.

S10 OUT_ 20.30 H

SARABELA TEATRO

(GALICIA)

A lingua das bolboretas

ENTRADA: 6 € | DURACIÓN: 80 MIN
PÚBLICO ADULTO

A través da tenra relación que manteñen o mestre, don Gregorio, e o neno, Moncho, que descubre, pouco a pouco, a beleza das realidades cotiás que pasan inadvertidas, seremos partícipes da fascinación infantil ante o descoñecido, pero tamén do sufrimento que provoca vivir con medo e do cru impacto que xera o estalido dunha guerra civil.

Un relato sobre as ilusións persoais e colectivas que esvaecen e sobre os perigos da "suspensión das consciencias" que en situación de crise asolagan a todas as sociedades.

Sarabela celebra o seu corenta aniversario como compañía



con este espectáculo recién estreado. Creado a partir dos relatos a *Lingua das bolboretas* e *A traxectoria do balón*, volve a un dos nosos autores de máis prestixio, Manuel Rivas, que é quen de manter o pulso da historia con tenrura, con humor latente e con contundencia a un tempo.

**XA VERÁS
CANDO VAIAS
Á ESCOLA**

Intérpretes: Elena Seijo, Fernando Dacosta, Fran Lareu, Fina Calleja, Sabela Gago e Josito Porto
Deseño de escenografía: Gonçalo Guerreiro
Deseño de vestuario: Tegra Vázquez e Lele Álvarez
Deseño de iluminación: Baltasar Patiño
Deseño de proxeccións: Diego Blanco
Adaptación: Fernando Dacosta
Autor: Manuel Rivas
Dirección e dramaturxia: Gonçalo Guerreiro

L12 OUT_ 20.30 H

AMORODOS PRODUCCIÓN (Galicia) A xente 2.0

ENTRADA: 3 € | DURACIÓN: 60 MIN
PÚBLICO ADULTO | PAZO DA CULTURA

Teño unha reunión. O colectivo ao que pertenzo convócame á participación. Igual esta vez é diferente. Vou ir. Tal vez solucione algo. Temos que atopar unha saída a todo o que nos preocupa. A xente ten gana de facer cousas. A xente implícase, a xente quíxase, a xente participa, a xente escoita, a xente pensa noutra xente...

Asistiremos a unha asemblea, a unha experiencia grupal que cuestiona con humor e sen benevolencia o concepto mesmo da participación.

A realidade social e o momento que estamos a vivir pola pandemia impulsaron a María Vázquez e Víctor



Formato non convencional

- // - A XENTE
- QUE XENTE?
- POIS A XENTE
- PERO QUEN É A XENTE?...

Duplá, parella de longo percorrido tanto no eido actoral como no da dirección e da pedagogía, a poñer en escena esta adaptación sobre o malestar colectivo, a tensión social, a necesidade de atopar outras vías e a capacidade do grupo para organizarse e transformar a sociedade.

Este traballo, que aposta polo contacto directo co público, é o primeiro desta nova compañía coa que ambos artistas queren poñer en pé proxectos propios.

Tradución e adaptación: María Vázquez

Autoría: Pérez&Disla

Dirección e interpretación: María Vázquez e Víctor Duplá

ESTREA




Foto: Marcos Pereiro.

V16 OUT_ 21.00 H

REBORDELOS

(GALICIA)

Liberto

ENTRADA: 6 € | DURACIÓN: 80 MIN
PÚBLICO ADULTO

Cando nace Liberto a vida de Ada frea en seco. Durante o parto, o neno quedou uns intres sen osíxeno, e, dende ese momento, a vida da nai fai equilibrios entre a esperanza e o medo.

Dende unha sala de espera, dúas actrices acompañadas de música en directo, interpelan directamente ao público, reivindicando o imperfecto, o humano e axudándonos a o comprender que a propia morte é parte da vida.

Nominado aos Premio María Casares en sete categorías, *Liberto* é un dos espectáculos galegos revelación desta tempada. Trátase a primeira



producción teatral da produtora Rebordelos, a partir da obra da catalá Gemma Brió, quen conta en primeira persoa a experiencia máis determinante da súa vida.

// ESTAR, AVANZAR,
E VIVIR.
ISO É O QUE FACEMOS
COMO ANIMAIS.
SER, ACEPTAR E
MEDRAR
É O QUE FACEMOS
COMO HUMANAS

Intérpretes: Rocío González, Cris Iglesias e Lucía Aldao
Música: Lucía Aldao
Son: Jas Processor
Coreografías: Rut Balbís
Escenografía e iluminación: JM Faro, Coti
Autoría: Gemma Brió
Dirección: Tamara Canosa.

S'17 OUT_ 20.30 H

CHECK-IN PRODUCCIONES

(MADRID)

Prostitución

ENTRADA: 10 € | DURACIÓN: 1 H 15 MIN.
PÚBLICO ADULTO

Nace na rúa e móvese ata o escenario a través de tres actrices excepcionais, Carmen Machi, Nathalie Poza e Carolina Yuste, e o espectador vive esa experiencia. Desexo, necesidade, segredo, violencia, tenrura, dor, pracer, a compañía, pagar por sexo, cobrar por sexo. Subirse aos seus tacóns.

O tema: a prostitución. O problema: a trata, tráfico e explotación sexual de mulleres e nenas. A mercantilización do ser humano.

Un dos mellores directores da escea nacional, Andrés Lima, Premio Nacional de Teatro e recentemente premiado co Max 2019, presenta en

Carballo un espectáculo de teatro-documental-musical. Baseado en textos e testemuñas recopiladas durante un ano, *Prostitución* é intenso, cru e amargo, pero tamén de humor feroz.

// “LA PROSTITUCIÓN
ES LA SÍNTESIS DEL
MUNDO EN QUE
VIVIMOS”
(ANDRÉS LIMA)

AVISO AO PÚBLICO: COMUNICAMOS AOS ESPECTADORES QUE ESTE ESPECTÁCULO UTILIZA APARATOS DE LUZ ESTROBOSCÓPICA POLO QUE PODE AFECTAR A PERSONAS CON PROBLEMAS DE EPILEPSIA.

Intérpretes: Carmen Machi, Nathalie Poza e Carolina Yuste
Música en directo: Laia Vallés
Actriz en vídeo: Lucía Juárez
Diseño de iluminación: Valentín Álvarez
Diseño de son: Quique Mingo
Diseño de escenografía e vestuario: Beatriz San Juan
Composición musical: Jaume Manresa
Dirección documental: Carolina Cubillo
Autoría e adaptación: Albert Boronat e Andrés Lima
Dirección: Andrés Lima

D18 OUT _ 20.30 H

IV certame de micro-escenas metro cadrado



Sen medo á proximidade, sen barreiras, sen artificios, sen rede e mirando ao futuro con valentía. Teatro mínimo, intenso, en primeiro plano, en cru. Teatro que nos asalta desde o cotián, desde espazos comunitarios e domésticos,... nun metro cadrado. Unha nova realidade que nos empurra a seguir apostando por mirar aos ollos ás actrices e actores, a case tocar e ulir, para continuar vivindo intensamente unha experiencia teatral diferente.

Sendo conscientes das dificultades, apostamos por volver a convocar por cuarto ano consecutivo o *Certame de Micro-Escenas M²*, apoiando a creación escénica de novos formatos e a compañías e artistas emerxentes, ofertando un espazo no que se admite, mesmo, o dereito ao erro. De novo, propoñemos a creación de espectáculos de entre 10 e 20 minutos para espazos non teatrais.

Entre as 48 recibidas, un xurado de profesionais das artes escénicas seleccionou seis interesantes propostas, sen medo ao risco que xogan coa performance, co teatro dos sentidos ou coa poesía e se apropian de espazos como as salas

de exposicións do Pazo da Cultura, a Biblioteca Rego da Balsa, o Casino, o Salón de Plenos ou as fiestras da Ludoteca Municipal.

Os seus creadores están alerta e ansiosos por capturar ou repensar a realidade e, desde a máxima urxencia que require o momento, introducen xa formatos e temáticas do incerto tempo que vivimos.

A valoración do público será a que premie á mellor interpretación e ao mellor espectáculo.

**ACCESO AOS ESPECTÁCULOS:
ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR
CAPACIDADE DAS SALAS**

**DADAS AS LIMITACIÓNS DE
ASISTENCIA, RECOMÉNDASE FACER
UNHA RESERVA NO ENDEREZO
ELECTRÓNICO:**

fiot.microteatroentrada@gmail.com

(indicando nome espectáculo, horario, nome e apelidos do espectador e teléfono de contacto)

> **Sábado 10** outubro



IRIA PINHEIRO CROQUETAS

> **12.30, 13.30 h, 18.00 h e 19.00 h**
Casino 1889

(Vázquez de Parga, 1)

1976. Noiteboa. Elvira convida a cear a 15 familiares e vaíles relatando as súas vivencias durante o seu exilio en Alemaña.

O espectador, que serán os invitados a esta cea, acompañarán a nosa protagonista a unha viaxe emocional no que as verdades e os segredos de Elvira iranse desvelando, pouco a pouco, sendo reflexo dun país que espertaba da súa época máis escura.

**DURACIÓN: 20 MINUTOS
MÁXIMO: 15 ESPECTADORES
ADULTO**

Creadora e intérprete: Iria Pinheiro
Axudante de dirección: Victoria Pérez



ANA ABAD DE LARRIVA PALABRA

> **De 11.00 a 14.00 e de 18.00 a 20.00 h**
Biblioteca Rego da Balsa

(Bos Aires)

Nestes tempos en que as distancias se fan visibles, medibles, tanxibles e se reforzan as pantallas, semella necesario desenvolver de novo a capacidade de escoita, por riba do bombardeo de imaxes, do ruído, desa presión incesante por ver e facer, que nos impide parar.

E devolver a importancia é a palabra, a cada palabra. Para iso, é preciso deterse. Xerar un espazo onde parar e encontrarnos e escoitarnos.

**DURACIÓN: 12 MINUTOS
MÁXIMO: 1 ESPECTADOR
ADULTO**

Autora e intérprete: Ana Abad de Larriva



ESTREA



ESTREA



ESTREA

PRODUCCIÓN SR. LÓPEZ MANUELA É UNHA INUIT. POLÍTICA POSTCOVID

> 12.30 h, 13.30 h, 18.00 h e 19.00 h
Sala de exposicións (andar 3)
Pazo da Cultura (Rúa do Pan)

Escuro. Chámome Manuela Rodríguez e son analfabeta. Son artista, son pobre, son prostituta, son negro. Son Manuela Rodríguez e son George Floyd. Estou no Mediterráneo camiño de Europa. O meu corazón é negro e sinto dor. Teño medo. Política do século XX con agochadas palabras violentas de toda a vida: felón e Guerra Civil. Son unha prostituta no medio do mar. Son amor. Escuro.

DURACIÓN: 20 MINUTOS
MÁXIMO: 15 ESPECTADORES
ADULTO

Creador e intérprete: Rubén Pérez
Audiovisuais: Javier Padilla
Técnica: Elena Centelles

UTOPIÁS EVASIÓN

> 12.30 h, 13.30 h, 18.00 h e 19.00 h
Sala de exposicións (andar -1)
Pazo da Cultura (Rúa do Pan)

Un espazo sonoro que nos convida a evadirmos da realidade. Axudadas de obxectos, instrumentos e as súas propias voces, crean un espazo onírico, no que deixarnos levar polos noso sentidos, cuestionar o lugar no que nos atopamos e aquel no que desexaríamos estar, tan anhelado como inalcanzable.

Experiencia alucinóxena a modo de viaxe sensorial.

DURACIÓN: 15 MINUTOS
MÁXIMO: 10-12 ESPECTADORES
A PARTIR DE 12 ANOS

Dirección e interpretación: Carlota Rosón
Rojo e Marta Velázquez Perea

HELENA SALGUEIRO FERRO, FEDERICI (UNHA INTRODUCCIÓN)

> 12.30 h, 13.30 h, 18.00 h e 19.00 h
Salón de plenos do Concello de
Carballo

(Praza do Concello)

O corpo da muller: a máquina de traballo do capitalismo. O creador da forza de traballo por excelencia, que intenta descolonizarse deste estado.

Baseado nas ideas feministas de Silvia Federici, este é un poema escénico no que a arte de acción, a poesía e danza flutúan de xeito visceral, político, estraño.

DURACIÓN: 15 MINUTOS
MÁXIMO: 20 ESPECTADORES
A PARTIR DE 12 ANOS

Creación e interpretación: Helena Salgueiro
Voz: Estevo Creos
Música: Atzi Muramatsu

CONSTANCE HURLÉ LARA HIERRO: MONÓLOGO PARA O CORPO EN MOVEMENTO

> 12.30 h, 13.30 h, 18.00 h e 19.00 h
Fiestras da Ludoteca Municipal

(Alcalde Jacinto Amigo Lera)

“O meu confinamento bailando xunto ao mar”.

Unha visión desde dentro e dende fóra. Performance sobre a realidade vivida o confinamento, a través da experiencia da protagonista, Lara Hierro, que grazas ás horas infinitas descobre que o seu corpo bule de saudade dun tempo que non sabe se volverá.

Lara reflexiona coa súa sombra. Ela está confinada mentres a Sombra méxese libre no vento das Rías Baixas. Fala da crise social, da crise do sector cultural, fala da inestabilidade, fala da esperanza, do amor á terra.

DURACIÓN: 15 MINUTOS
A PARTIR DE 15 ANOS

Interpretación: Constance Hurlé e Clara Ferrao Diz
Creación: Constance Hurlé
Espazo sonoro: Rui Grenha



EP

En paralelo

Isabel
Voluntaria FIOT
desde 2010



María
Voluntaria FIOT
desde 2013

EXPO SICI ón

.....
PANDEMIA.
NOVOS RETOS

Mostra de artes
plásticas con
artistas de
Carballo

DO 07 OUT AO 07 NOV

A Concellaría de Cultura lanzou un desafío a un colectivo de creadores de Carballo, profesionais e amadores, para que nos mostren a súa visión sobre o momento que estamos a vivir e a necesidade da cultura de superalo.

O resultado será esta mostra colectiva con preto de vinte obras plásticas de modalidades e técnicas moi diversas.

Con obras de Cristina Castro, Esther Chamoso, Milagros Coteló, Antón Díaz, Manuel Eirín, Isa Fernández, Josecho

González, Raúl Herrera, Peter Kramer, Mon Lendoiro, María Marticorena, O'Mighelo, Oti, Santi Picos, Isabel Soutullo, Pedro Tasende e Laura Tova.

Lugar: Sala Exposicións do 3º andar do Pazo da Cultura.

Horarios:

- De luns a venres: de 19.00 a 21.00 h

- Sábados e domingos de función: desde 1 hora antes do inicio ata o seu comezo.

Posibilidade de cita previa no teléfono 981 704 300

CREANDO TEATRO

Mantemos o compromiso coa creación escénica, colaborando na xeración de espectáculos, visibilizando as novidades e impulsando entre artistas emerxentes a experimentación con novos formatos.

Sete serán as estreas absolutas ás que daremos acubillo en Carballo.

Nesta ocasión, introducímonos na cultura dixital cunha produción propia que inicia o proxecto **FIOT Fónico**. Co que queremos explorar o teatro sonoro e formatos innovadores que empregan novas ferramentas tecnolóxicas, poñendo tamén en valor o noso territorio, Carballo.

O interese do FIOT pola linguaxe sonora ten unha longa traxectoria e hai xa vinte anos que promovemos o teatro radiofónico a través do Concurso de Teatro Lido Xosé M. Eirís no que implicamos xa a miles de rapaces.

Neste caso a AC Telón e Aparte aliouse con LIDISS (Laboratorio de Investigación en Innovación. Social e Cultural Sostible) para poñer en marcha un podcast que se poderá escoitar a través dunha aplicación móbil á vez que, a modo de escenario,

// **MANTEMOS O COMPROMISO COA CREACIÓN ESCÉNICA, COLABORANDO NA XERACIÓN DE ESPECTÁCULOS, VISIBILIZANDO AS NOVIDADES E IMPULSANDO ENTRE ARTISTAS EMERXENTES A EXPERIMENTACIÓN CON NOVOS FORMATOS.**

facemos un percorrido por diversos murais de arte urbana que atopamos en Carballo.

Os creadores que nos acompañan en *A lúa, válvula de spray*, como Rosalía Fernández Rial ou Quico Cadaval, son garantía de boas perspectivas para o noso “experimento”.

Agradecemos a colaboración da Concellaría de Turismo do Concello de Carballo que puxo a nosa disposición a plataforma móbil sobre a que transmitir a nosa obra.

VOLUNTARIADO FIOT



Aínda que non poidamos celebrar o festival, os voluntarios do FIOT seguen aí para botar unha man cando é preciso. Sempre dispostos, acompañánnos nestes tempos incertos e convulsos.

Co seu alento seguiremos a latexar.



A CULTURA É SEGURA. SABÉMOLO E QUEREMOS QUE ASÍ SEXA SEMPRE. POR ISO POÑEMOS EN MARCHA UN PROTOCOLO PARA GARANTIR QUE GOCES TANTO DO TEATRO COMA NÓS.



1. O uso da máscara será obrigatorio.



2. A desinfección de mans tamén será obligatoria. Se non levas xel no peto, non pasa nada: no Pazo da Cultura atoparás dispensadores de xel hidroalcohólico.



3. A apertura de portas será 30 minutos antes de cada función e tanto o acceso como a saída ao recinto realizarase de xeito escalonado mantendo a distancia de seguridade. Procura chegar con tempo e lembra seguir en todo momento as indicacións do persoal de sala: están para acompañarnos e facilitar o noso tránsito!



4. Completamos a limpeza do auditorio antes de cada espectáculo coa desinfección con equipos de nebulización. As medidas hixiénicas están contempladas tamén no sistema de ventilación, optimizado para esta nova situación.



5. A ocupación máxima de butacas do auditorio será do 50% e sempre haberá un asento de separación cos espectadores máis próximos: veñas só ou en parella, unha butaca quedará libre á dereita e á esquerda!



6. A butaca é un asento e deberemos permanecer nel. Se che gusta moito a obra lamentamos dicir que non poderás poñerte de pé ao final da obra... pero poderás bater as túas mans e amosar todo o teu entusiasmo, nas redes, de xeito virtual!



7. En previsión da posibilidade de novas restricións por parte das autoridades competentes, sacaremos as entradas á venda en dúas fases: unha primeira de forma anticipada e, nun segundo momento, 48 horas antes de cada función.

**GOZA DO FIOT EN PAUSA E VOLVE SEGURO Á BUTACA!
O TEATRO É SEGURO, PERO QUE SEXA TAL SEMPRE É
RESPONSABILIDADE DE TODOS E TODAS! :)**

PROGRAMACIÓN

V09 OUT_ 19.00
e 20.00 H

FIOT E LIDISS

(Galicia)

A lúa, válvula de spray

ESTREA

PRODUCCIÓN DO FIOT

FNC

S10 OUT_ 12.30,
13.30, 18.00 e 19.00 H

IRIA PINHEIRO (Galicia)

Croquetas

M²

S10 OUT_ 11.00 a
14.00 e 18.00 a
20.00 H

ANA ABAD DE LARRIVA (Galicia)
Palabra

M²

ESTREA

S10 OUT_ 18.00,
19.00 e 20.00

EMMA SANTOS

(Galicia)

Live

ESTREA

FNC

S10 OUT_ 20.30
CHÉVERE (Galicia)
Curva España

D11 OUT_ 12.30,
13.30, 18.00 e 19.00 H

PROD. SR LÓPEZ

(Galicia)

Manuela é unha inuit. Política postcovid

M²

ESTREA

D11 OUT_ 12.30,
13.30, 18.00 e 19.00 H

UTOPIÁS

(Galicia)

Evasión

M²

ESTREA

L12 OUT_ 20.30
SARABELA TEATRO

(Galicia)

A lingua das bolboretas

V16 OUT_ 21.00 H

AMORODOS PRODUCTIONS

(Galicia)

A xente 2.0

ESTREA

FNC

S17 OUT_ 12.30,
13.30, 18.00 e 19.00 H

M²

HELENA

SALGUEIRO (Galicia)

Ferro, Federici (unha introdución)

S17 OUT_ 12.30,
13.30, 18.00 e 19.00 H

CONSTANCE HURLÉ

(Galicia)

Lara Hierro: monólogo para corpo en movemento

M²

ESTREA

S17 OUT_ 20.30
REBORDELOS (Galicia)
Liberto

D18 OUT_ 20.30
CHECK-IN PRODUCCIONES

(Madrid)

Prostitución

DO 07 OUT AO 07 NOV
EN PARALELO
Pandemia. Novos retos.

Exposición

fiot en pa||sa



**ÁS VECES É MELLOR
FACER UNHA PAUSA**

**PARA COLLER FOLGOS E
REINICIAR**

**ESTE ANO TOCA FIOT EN
PAUSA**

REINICIAMOS NO 2021

FNC

FNC

Formato non convencional



www.fiotgal



AGADIC



Fundación
Luis Calvo Sanz